

Samuel Merino  
(Pompa & Boato)

É un creador multidisciplinar que, na actualidade, desenvolve a súa labor arredor dunha poética (escrita e escénica) na que se aprecia a pegada indeleble da súa formación en estudos de filosofía.

As súas creacións, de carácter intimista e autorreferencial, poñen o foco na indecibilidade das sensacións que afogan ás persoas pensándose a si mesmas; persoas que reflexionan acerca do lugar que ocupan no mundo e mais tamén do xeito no que éste habita os corpos individuais.

Interesado a miúdo polos tan denostados lugares comúns da poesía, adica grande parte da súa obra a falar do amor, a soidade ou a morte, convencido de que tales lugares comúns, polo feito de selo, deben ser postos unha e outra vez enriba da mesa para demostrar que son nexos de unión entre suxeitos de corpo e mente escindidas, suxeitos alienados por un sistema que nega as forzas motrices individuais.

A esta liña pertencen os seus dous primeiros poemarios: *Enésima patada con amor* ( proxecto de autoedición; 2019 ) e *Trementina* ( Ed. Talón de Aquiles; 2021 ), ambos os dous publicados español.

O seu último traballo ata o momento, *Guantanamera. Poema non só acto* ( Ed.Urutau; 2021 ) é un libro de poemas que son un só poema. Un libro de poemas que, ao mesmo tempo, é unha peza teatral chea de imaxes e fragmentos de imaxes que falan por si propias da necesidade de colocar na escena pública certos ámbitos do privado para matar o tabú.

*Guantanamera...* é a súa particular homenaxe ao seu traballo coa Compañía Teatral Xerpo (O Porriño) e que foi ese lugar cando máis o precisaba.

Samuel non conta con ningún premio en nada pero afirma con rotundidade que o día que o precise poderá mercalo para rematar vendéndoo en Wallapop.

Porque aí vai parar todo o que un día sentimos imprescindible.

WEB: [www.pompaeboato.com](http://www.pompaeboato.com)

FB: <https://www.facebook.com/pomboato/>

IG: [https://www.instagram.com/pompa\\_e\\_boato/](https://www.instagram.com/pompa_e_boato/)